



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

PLAN de DINAMIZACIÓN e NORMALIZACIÓN do GALEGO

CURSO 2019-20

1.- Estudo sociolingüístico do IES:

a) Contorna lingüística do centro.

O IES Fernando Wirtz é un centro público urbano, situado na cidade de A Coruña, próximo á Estación de Autobuses e á Estación de Ferrocarril. Por estar emprazado nunha zona próxima ao centro da cidade trátase dunha área fortemente castelanizada, se ben nos barrios próximos como Os Mallos, Elviña, ... pódese apreciar un uso frecuente da nosa lingua nas súas relacións máis familiares entre individuos adultos que proveñen do mundo rural. Tamén hai que sinalar que debido á situación xeográfica deste centro, moi próximo á Estación de Autobuses, é frecuente a asistencia de alumnos de concellos limítrofes, moitos deles rurais, que

seguen tendo como primeira lingua o galego (especificamente en ciclos e ensino de adultos).

b) Situación do profesorado.

O profesorado do IES emprega tamén maioritariamente o castelán, tanto nas aulas como na súa relación cos compañeiros. Un sector do profesorado exprésase habitualmente en galego, pero segue a ser minoría. Ben é certo que un colectivo grande do profesorado usa indistintamente o galego e o castelán, segundo a situación comunicativa en que se atope, mais o castelán é frecuentemente a lingua vehicular entre a maioría. Aínda que nestes últimos anos, debido á masiva xubilación do profesorado e a consecuente chegada de profesorado novo, obsérvase un incremento no uso do galego como lingua nas aulas e de relación no centro.

Contodo, o galego é a lingua que se emprega por escrito nos documentos de carácter oficial, comunicación, e inclusive en exames con libros de texto en galego, aínda que as materias, moitas veces, se impartan en castelán. Se ben sería conveniente o incremento do emprego oral da lingua nos ámbitos formais no IES: claustros, CCP, ...

c) Situación do alumnado.

O alumnado é maioritariamente castelán-falante e cóntase tamén cunha notable porcentaxe de alumnado estranxeiro, principalmente de países de fala

hispana, como Perú, Arxentina, Venezuela, Colombia, Uruguay, Cuba...; contamos, tamén, con alumnado de países do Este de Europa como Rusia ou Moldavia, da China e de países do continente africano tamén. Constatamos, ademais, que hai unha porcentaxe moi pequena que teñen na súa casa o galego como lingua vehicular, porque é a lingua que empregan os seus pais e avós, cos que conviven; pois ben, estes alumnos abandonan o uso do galego cando están no centro en contacto co resto dos compañeiros. Outro grupo sería o formado por aquel alumnado que teñen familiares en aldeas galegas, maiormente nas provincias de Lugo e Ourense e, nestes casos, manifestan usar a lingua cando se atopan neses lugares, en períodos vacacionais.

d) Situación lingüística do centro.

En conclusión, afirmamos que polo anteriormente exposto, hai un predominio da lingua castelá que segue a ser a lingua vehicular do alumnado, a maior parte do profesorado e da maior parte da comunidade educativa, aínda que paradoxicamente nos niveis de uso escrito e de carácter oficial o galego teña unha forte presenza neste ámbitos:

-Ámbito Administrativo e Social: documentos oficiais escritos, símbolos,...

-Ámbito académico ou de xestión pedagóxica: documentos de planificación educativa, documentos e actividades, documentos de seguimento e control, ...

-Ámbito de interacción didáctica: materiais didácticos, actuación do profesorado, o espazo da aula;....

2.- Obxectivos adecuados aos apartados anteriores:

a) En relación coa nosa contorna.

Divulgar, na medida do posible, fóra do IES, as actividades que se realicen para fomentar o uso da lingua propia na contorna, entre os familiares, veciños, etc., estimulando o interese pola nosa lingua e cultura. O centro como referente cultural, xa que estamos inmersos na sociedade, e como centro educativo debe desempeñar un papel activo no coñecemento e divulgación dos nosos propios valores identitarios. Promover unha presenza máis equilibrada da lingua propia para un uso activo en calquera ámbito social.

b) En relación co profesorado.

Sensibilizar os docentes da importancia de dinamizar e promover a propia lingua en calquera ámbito de uso, especialmente nos contextos formais que poñan en valor a lingua e lle dean prestixio.

Crear pautas e estímulos positivos que faciliten o seu uso.

Integrar as diferentes linguas a través de proxectos interlingüísticos e multidisciplinares.

c) En relación co alumnado.

Fomentar o uso do galego entre o alumnado.

Estimular o interese pola lingua e cultura propias.

Traballar as súas actitudes para mellorar a autoestima e o orgullo de pertenceren a esta comunidade, cunha lingua e cultura de seu.

Fomentar a creatividade a través do galego para gozaren dos nosos valores culturais.

Axudar o alumnado estranxeiro na adquisición dunha mellor competencia lingüística do galego.

Continuar coa plataforma (blog) que sirva para difundir/publicitar as actividades desenvolvidas e pendentes de realización, ademais de servir de memoria do labor realizado durante o curso académico.

d) En relación coa situación lingüística do centro.

Sensibilizar os membros da comunidade educativa na superación de prexuizos lingüísticos co galego.

Discriminar positivamente o noso idioma para paliar a súa infravaloración histórica.

Fomentar o uso da lingua propia entre todos os membros da comunidade educativa do IES.

3.- Actividades a realizar nos diferentes ámbitos citados.

a) En relación coa contorna.

- Integración do IES naquelas propostas de interese organizadas na cidade que sirvan de dinamización cultural e lingüística.

b) Relativo ao profesorado.

- Promoción/fomento e colaboración de actividades de todo tipo que contribúan ao uso normal da lingua.
- Conmemoración de datas relevantes con charlas/talleres que melloren a valoración da lingua e da cultura propias: *Día da Ciencia en galego, ...*
- Promoción de manifestacións culturais diversas encamiñadas a normalizar e prestixiar a lingua e a cultura: poéticas, musicais, teatrais, cinematográficas, plásticas, divulgativas, ...

- Organización de intercambios lingüísticos que melloren a valoración da lingua e faciliten a inmersión lingüística no idioma propio.
- Asesoramento lingüístico sempre que o profesorado o requira.

c) No tocante ao alumnado.

- Promoción/fomento e colaboración de actividades de todo tipo que contribúan ao uso normal da lingua.
- Conmemoración de datas relevantes con charlas/talleres que melloren a valoración da lingua e da cultura propias: *Día da Ciencia en galego, ...*
- Promoción de manifestacións culturais diversas encamiñadas a normalizar e prestixiar a lingua e a cultura: poéticas, musicais, teatrais, cinematográficas, plásticas, divulgativas, ...
- Organización de intercambios lingüísticos que melloren a valoración da lingua e faciliten a inmersión lingüística no idioma propio.
- Participación/colaboración en actividades desenvolvidas por outros EDLG doutros centros educativos: *Correlingua, ...*

d) Canto á situación lingüística do centro.

- Contribuír en todo momento a mellorar a competencia lingüística (oral e escrita) da Comunidade escolar do IES co asesoramento necesario nas diferentes situacións comunicativas.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

A coordinadora

Teresa Fiaño Gándaras

A Coruña, a 11 de novembro de 2019